

**DECRETO NÚMERO 16001736 DO 08/03/2016**

**ILMO.SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES.- Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, do Excmo. Concello de Lugo**

Visto escrito presentado por D. Eduardo Risco Bóveda, Presidente do Comité de Empresa do Excmo. Concello de Lugo, polo que solicita se declare a caducidade das Ofertas de Emprego Público sen executar dos anos 2008 e 2010, nas que se integran as prazas de Arquitecto/a e Arquivado/a, respectivamente e, se anulen as actuacións derivadas destas Ofertas de Emprego Público que están sen executar.

Visto escrito presentado por Dª Teresa Rodríguez Chao, en calidade de membro electo do Comité de Empresa por CC.OO. do Excmo. Concello de Lugo, polo que interpoñe recurso potestativo de reposición cotnra o Decreto nº 16000394 do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, solicitando se dite resolución declarando a caducidade das Ofertas de Emprego Público dos anos 2008 e 2010 sen executar e se anulen as actuacións derivadas delas.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de abril de 2008, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2008, figurando no anexo de dita oferta á seguinte praza: "Grupo A. Escala de administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Arquitecto/a."

Este mesmo órgano, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2012, adoptou o acordo de aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo Decreto número 12001080, de data do 17 de febreiro de 2012, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde, obrante no Libro de Resolucións e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 052, do 3 de marzo de 2012 resolveuse convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte de novembro de dous mil trece, adoptou, entre outros, o acordo número 10/840 de DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN

## **PERSOAL**

MLP/cta

Refª: 16drcadofertaemprego2008-arquitecto

Asunto: caducidade oferta emprego

### **PROPIEDAD A 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE**

Polo Decreto de Alcaldía nº 14009388 do 16/10/2014, resolveuse aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no procedemento selectivo, para a cobertura en propiedade dunha praza de Arquitecto/a, convocado polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, fixándose como data para a constitución do Tribunal cualificador o día 9 de decembro de 2014 e como data para a realización do 1º exercicio o día 12 de decembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 19/793 **ABSTENCIÓN DE DON ANGEL RIVA CABANAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO, EN QUENDA LIBRE**, en cuxa parte dispositiva se pon de manifesto que a Xunta de Goberno Local acorda: Admitir a abstención, no proceso selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de Arquitecto, de don Ángel Riva Cabanas e nomear como vogal suplente a dona Marta Carballal Neira, Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do Concello de Lugo.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 8/850 **SOLICITUDE DE ABSTENCIÓN DE DON PABLO FUENTES FAILDE NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO, EN QUENDA LIBRE**, en cuxa parte dispositiva se pon de manifesto que a Xunta de Goberno Local acorda: a substitución de Don Pablo Fuentes Failde do tribunal do procedemento selectivo convocado para a cobertura dunha praza de arquitecto/a en quenda libre, e solicitarlle á Xunta de Galicia un funcionario/a coa categoría de arquitecto/a para formar parte deste Tribunal.

Tendo en conta o anteriormente exposto, polo Decreto número 14010525 do 18/11/2014 resolveuse a suspensión do proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en tanto non se proceda á resolución das solicitudes de abstención presentadas por varios membros do Tribunal do citado procedemento selectivo. Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo do 2 de decembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2014, adoptou entre outros, o acordo nº 9/851 de **SUBSTITUCIÓN DE DON SANTIAGO PUENTES COLORADO, DON JOSÉ Mª GONZÁLEZ RODRIGUEZ, DONA COVADONGA HONRADO HONRADO E DONA MARTA**

**PERSOAL**

MLP/cta

Refª: 16drcadofertaemprego2008-arquitecto

Asunto: caducidade oferta emprego

CARBALLAL NEIRA, COMO MEMBROS DE DIVERSOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES, polo que se acordó denegar a súa petición de renuncia a formar parte dos tribunais cualificadores para os que foran nomeados.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de decembro de 2014, adoptou o acordo nº 20/921 polo que se desestimou o recurso de reposición interposto por Don Santiago Puentes Colorado contra o acordo nº 9/851.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2015, adoptou entre outros, o acordo nº 18/349 de MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 10/840, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO O 20.11.2013, DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE.

Polo Decreto Número 15004499 do 02/06/2015 resolveuse levantar a suspensión disposta polo Decreto 14010525 do 18/11/2014 no proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, continuando con dito proceso.

Con data do 22 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou entre outros, o acordo nº 15/222 de ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POR DONA ROSARIO SANCHO CASTRO DE FORMAR PARTE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE.

De igual xeito, con data do 22 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou entre outros, o acordo nº 14/251 de ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POR DONA BEATRIZ MOAR ULLOA DE FORMAR PARTE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE.

Con data do 16 de decembro de 2015, á Xunta de Goberno Local, adoptou, entre outros, o acordo nº 11/848 de MODIFICACIÓN DO ACORDO Nº 18/349, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO O 20-05-2015, DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE

## **PERSOAL**

MLP/cta

Refª: 16drcadofertaemprego2008-arquitecto

Asunto: caducidade oferta emprego

### **ARQUITECTO/A, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE.**

Finalmente, polo Decreto Número 16000394 do 25/01/2016 resolveuse aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, fixando a data para a constitución do tribunal cualificador e realización do 1º exercicio o día 4 de abril de 2016. Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo do 1 de febreiro de 2016.

Visto que segundo o Estatuto Básico do Empregado Público regulado na Lei 7/2007, de 12 de abril, aplicable ó suposto que nos ocupa (na actualidade Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido) ao regular no artigo 70.1 a Oferta de Emprego Público, impón ás Administracións Públicas a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para proveer as prazas ofertadas. Así dispón que “En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años”.

Considerando a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data do 5 de xuño de 2014, nº 00380/2014, cuxos razoamentos xurídicos son transcritos textualmente no escrito presentado pola central CC.OO, en relación co asunto que nos ocupa sinala que “al haber transcurrido siete años desde la aprobación de la OEP hasta las convocatorias impugnadas, se ha superado ese plazo de tres años”.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía e á Xunta de Goberno Local polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, así como das delegacións efectuadas polo acordo número 4/455, adoptado por dito órgano na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 7-7-2015, e polo Decreto número 15010037, ditado o 7-12-2015,  
**RESOLVE:**

Primeiro.- Declarar caducada a Oferta de Emprego Público do ano 2008, na que se integra unha praza de Arquitecto, deixando sen efecto o proceso selectivo convocado polo Decreto 12001080, do 17 de febreiro de 2012, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, así como todas as actuacións que del traian causa.

Segundo.- A praza de Arquitecto incluída na Oferta de Emprego Público declarada caducada, será incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016, para proceder a unha nova convocatoria de proceso selectivo para a cobertura desta praza.



Concello de Lugo

**PERSOAL**

MLP/cta

Refª: 16drcadofertaemprego2008-arquitecto

Asunto: caducidade oferta emprego

Terceiro.- Déase traslado do presente Decreto aos interesados coa expresa indicación de que contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.



MURALLA  
patrimonio da humanidade